

PROPOSTA FORMATIVA PARA OS GRUPOS DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA

INTRODUCCIÓN

A música é unha vía para a comunicación. Por encima do virtuosismo do músico, o que prima é a capacidade de transmitir. A historia da música está chea de exemplos de excelentes músicos que non tiñan o don da creación (músicos de estudo) e de grandes mitos da música limitados técnicamente.

En Santiago estáanse a crear un bo número de grupos musicais, que só sobrevivirán se atopan algún froito á súa motivación, ilusión e esforzo. Igual que nos 60 en USA e en España, ou nos 80 en Vigo e Madrid, os grupos dan o salto de calidade e compromiso definitivo cando conseguen concertos ou grabar o seu disco.

Esta proposta ofrece os medios para que se consolide a oleada de grupos que neste momento hai en Compostela. O camiño será potenciar o seu estilo para conseguir o máis importante: transmitir e divertir ao seu público.

O fundamental para o éxito desta formación é a calidade do profesional que a imparte, aspecto que coidamos especialmente.

A PROPOSTA: PRODUCCIÓN E COACHING MUSICAL

Propoñemos un programa para *conseguir resultados a curto prazo*, actuando no lugar onde o grupo concentra os seus esforzos e se reúnen.

E onde realmente necesitan axuda: no ensaio.

1.- O CONTIDO DO PROGRAMA

- a) Posta a punto de cada instrumento para sonar como unha banda: volumen, mestura, etc.
- b) Interpretación corporal.
- c) Arranxos musicais nas cancións.
- d) Composición musical na parte da canción que precise dun cambio.
- e) Interpretación de todos os instrumentos, incluído a voz.
- f) Son particular e xeral do grupo, para actuar, etc.
- g) Asesoramento técnico-instrumental.
- h) Imaxe no escenario.

A intervención ten dúas canles para un obxectivo: ao final do programa o grupo sonará e interpretará profesionalmente en directo:

- Perfilar as súas cancións, labor que habitualmente fan os produtores. Así se consegue un estilo propio.
- Darlle forza e intención ao seu directo. A posta en escea é o que crea unha lexión de seguidores e unha atmósfera musicalmente emprendedora na cidade.

2.- METODOLOXÍA, DURACIÓN E LOCALIZACIÓN

O formador realizará o seu labor no local de ensaio co grupo. Compartirán sesións de dúas horas semanais repartidas ao longo de dous meses:

A.- **DIAGNOSE:** na primeira sesión revisaranse os puntos fortes e febles. Atoparase o estilo do grupo e acometeranse os cambios musicais precisos para ser fieis ao mesmo.

Centrarémonos no que é estrictamente musical:

- Estrutura das cancións.
- Voces
- Arranxos
- Solos
- Duración das cancións
- Potenciaremos a dinámica (son, volume, tonos,...)
- Outros aspectos que potencien o son como grupo e individualmente, en harmonía co mesmo.

B.- **DESENVOLVEMENTO:** unha semana despois, entrenaranse os cambios musicais xa definidos antes, xunto aos aspectos anexos ao mesmo:

- Interpretación individual
- Aspecto físico
- Actitude no escenario
- Comunicación co público
- Imaxe que se quere transmitir
- Estilo musical congruente

- Ideas novas e efectos para o directo, tanto no musical como outras que potencien o espectáculo.

C.-DESENVOLVEMENTO E DEFINICIÓN: a seguinte semana concretaranse todos os aspectos para automatizalos de cara a unha actuación, amais de seguir a entrenar a interpretación das cancións.

D.- ENSAIO XERAL: quince días despois, para darlles tempo a ensaiar sos, o grupo fará o ensaio xeral coa colaboración do seu formador.

Faremos a selección definitiva do repertorio para o concerto, orde das cancións que reforce a dinámica da actuación. Experimentaremos cómo divertirse e sentirse seguro no escenario, o único xeito de divertir. Destacaranse os puntos menos perfeccionados para traballar nas semanas seguintes.

E.- ACTUACIÓN, EXAME E OBXECTIVOS DE MELLORA: tres semanas despois, farase unha actuación diante do profesor do programa, que examinará o grupo. Logo deste control entendemos que o grupo xa está preparado para tocar en directo. En todo caso, entre todos definirán cales son os seus próximos obxectivos de mellora.

3.- FORMADOR: CARLOS ARÉVALO RODRÍGUEZ.

HISTORIAL PROFESIONAL.

Nacido o 26/12/58 en Montevideo-Uruguay, comezou dende moi xoven a tocar a batería. Autodidacta, aínda que pasou un par de anos de clases con Jose Luis Pérez. Ata os 18 anos tocou no seu país en varios grupos e moitas "zapadas" con Beledo, Young, Garrone, Chagas, Philippe Doon, Mateo, entre outros artistas, ata que viaxou a España en 1978, en Madrid, integrándose no grupo "Cucharada", liderado por Manolo Tena, co que grabou e xirou con "El limpiabotas que quería ser torero" ata 1980, época na que parte para Tenerife onde forma o grupo Montevideo, con Leo, Pablo, Daniel e Felipe. Logo Leo, Pablo e máis el veñen a Galicia, formando "Karma" e logo "Laser", grabando un LP, tocando por toda Galicia ata a súa separación. Chegou logo a etapa de tocar con moitos músicos e grupos do ámbito do jazz, fusión, rock, como Alberto Conde, Cuchus Pimentel e Kim García en "Noroeste", con "Clan Moriarty", "Los Apóstoles" cos que gravou dous discos, e participando en gravacións de diferentes estilos, con Teté Delgado, Ramoncín, no álbum homenaxe a Antonio Vega, Spiritu 986, xunto a Anxo Lorenzo e Pedro Gonzalez, etc... Xa no 2004, integrouse na "Tribusband" para a xira do Xacobeo, xunto a 20 músicos galegos, dirixidos por Piti Sanz e Kim García, gravación de música e dvd da xira. Terminada esta, chámame a filas o gaitero Xosé Manuel Budiño, con quen participou en actuacións por Italia, Irlanda, Escocia, Portugal, Marrocos (Casablanca, Rabat, Tetuan, Tanger), Libano, Jordania, Siria, Arxentina, México, e por suposto en Galicia; participando tamén no seu último cd, "HOME", tocando en tres temas. Tamén gravou e xirou co cantautor ourensano Emilio Rúa.

Realizou figuración e directos varios anos en programas como Luar, Tequelexou, Supermartes, Especiais de Nadal, etc.

Na actualidade, forma parte de "La Banda De Nash" onde fai covers. Tamén participou en "Leo Giannetto's Jazz Project", co que grabou dous cds, "Beatles in Jazz" e "Tributo a The Police", que empezaron a presentar a partir de 2008. E non deixa de impartir clases, masters e preparar un cd como solista.

Influencias:

DENDE OS BEATLES, PASANDO POR LOS 70',80', ATA A ACTUALIDADE, ROCK, JAZZ, FUNKY, FUSION, LATIN, ETC... JOE MORELLO, MANU KATCHE, STEWARD COPELAND, PHIL COLLINS, BILLY COBHAM, ZAPPA, GENTLE GIANT, YES, GENESIS, RETURN TO FOREVER, LED ZEPPELIN, DEEP PURPLE, POLICE, EL KINTO, RADA, LOS FATTO, JAIME ROOS, J. L. PEREZ.

Para máis información, pode visitarse Myspace.com coa palabra *carlosarevalorodriguez*.

Colaboradores musicais para as Master Class

- Carlos Arévalo: formador do programa.
- Xosé Manuel Budiño: músico internacional especializado en diferentes instrumentos, sendo recoñecido especialmente como compositor e instrumentista de gaita e flautas.
- Javier Constenla: profesor Escola Estudio de Santiago, director da Big Band de Orense, etc. Experto en harmonía e instrumentista e compositor de piano e teclados.
- Leo Giannetto: profesor de canto e guitarra, "Leo Giannetto´s Jazz Project", "Banda de Nash". Varios discos publicados en distintos grupos.
- Diego Pérez: participa no grupo "Eco" xunto ao batería e guitarrista de "Los Suaves" e en "LGJP". Experto en baixo e contrabaixo.

Colaboradores técnicos

- Daniel Álvarez Lamas: Licenciado en Económicas. Especialización directiva en IESE, Instituto de empresa e Otto Walter. Practitioner de PNL polo Instituto Internacional de PNL. Directivo de BBVA en excedencia. Consultor de entrenamiento directivo e Formación Organizacional. Coach directivo. Director de programas de habilidades directivas da Escuela de Finanzas (A Coruña).
- Consultores de QCoach: consultores con ampla experiencia directiva en campos como a psicología deportiva, PNL e o teatro. A organización QCoach adícase á formación, ao coaching e á consultoría. Para máis información visitar a web www.qcoach.es
- Roberto Vázquez Rodríguez: Diseñador gráfico con 15 anos de experiencia profesional nos campos da imaxe corporativa e o deseño editorial. Traballou en varias empresas recoñecidas do sector e ten participado na elaboración de proxectos para o Concello de Santiago, Xunta de Galicia, Sergas, Xacobeo, Auditorio de Galicia, AGASP, CGAC, CDG, IGAEM, MARCO... Actualmente traballa na empresa Idear Comunicación Visual.